



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
C.P. 15881
(A CORUÑA)

NOTA INFORMATIVA

A Secretaría Xeral de Igualdade, a través de Resolución do 21 de decembro do 2020 , publicada no DOG do 7 de xaneiro do 2021, convoca para o ano 2021 a **prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero** prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo.

REQUISITOS

- a) Ser muller, maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia e de dependencia económica do seu agresor ou, no caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, de dependencia da persoa que manteña sobre ela unha relación de dominación.
- b) Ter cesado a convivencia co agresor, ou coa persoa que manteña sobre ela unha relación de dominación, no intervalo temporal que comprende os doce (12) meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.
- c) Estar empadroada e ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso das mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia.
- d) No caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual, será suficiente acreditar que posúen autorización de residencia por circunstancias excepcionais.
- e) Carecer de dispoñibilidade de recursos económicos ou que estes sexan de contía insuficiente para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor ou da persoa que manteña sobre ela unha relación de dominación. O importe da axuda establécese en función das rendas e ingresos da solicitante da axuda, en atención ao número de fillos/fillas menores ou menores a cargo, así como grado de discapacidade da solicitante, no seu caso en un intervalo que vai desde 200 euros/mes ata 800 euros mes e ata un máximo de doce mensualidades.

PAZOS

O prazo de presentación de solicitudes comezará ó día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, e permanecerá aberto con **carácter permanentemente durante todos os exercicios**.

INCOMPATIBILIDADES

Non poderán ser beneficiarias da axuda prevista nestas bases reguladoras as mulleres que, reunindo estes requisitos, xa percibisen con anterioridade esta axuda ou a axuda establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Esta axuda tamén e incompatible con calquera outra axuda pública ou privada destinada ao mesmo fin.

Máis información e tramitación de ditas solicitudes chamando ao CIM do Concello de Boqueixón, teléfono: 981 - 513061, cim@boqueixon.com ou ben na Secretaría Xeral de Igualdade, teléfonos 881 999164, correo electrónico vx.igualdade@xunta.gal.

Boqueixón, 19 de xaneiro do 2021

O alcalde

Manuel Fernández Muñin

